

PROPOSTAS DIDÁCTICAS 8 MARZO



A través desta serie de actividades que presentamos, pretendemos que todo o alumnado, dende os máis pequenos ata os maiores, analicen as desigualdades que existen entre homes e mulleres e que, dende a educación, adquiran un espírito crítico ante esta desigualdade, así como que a igualdade sexa o eixe principal nas súas relacións

ACTIVIDADES DE 12 A 15 ANOS

Actividade 1. Equilibrando horarios

Enlace coa documentación:

https://drive.google.com/folderview?id=lp_QGQ3_5Qrr1tI97UhupdFeiMGfCNAF3

SESIÓN 1

Folio xiratorio: (15 minutos) en grupos heteroxéneos de 4 ou 5, cada membro anota unha tarefa doméstica na columna correspondente ata completar polo menos 20.

Posta en común (15 minutos): quen exerza a portavocía de cada grupo expón á clase a súa lista de tarefas. Outro alumno ou alumna do grupo vai rexistrando todas as aportacións no encerado, ou outro soporte, e así, sucesivamente, cada grupo engade soamente novas tarefas.

Elaboración do listado común (10 minutos): cada alumno anota as tarefas acordadas polo grupo na columna correspondente do documento "TarefasTempoFrecuenciaXénero". O alumno ou alumna encargada da secretaría asegúrase de que o listado estea completo e correctamente escrito.

Quen exerza a coordinación debe recordar ao seu equipo, se traballa en soporte papel, que non escriban o día da semana antes de facer as copias necesarias. Nese caso, o supervisor ou supervisora fará 6 copias (dobre cara) dos orixinais dos seus compañeiros e compañeiras, unha para cada día da semana.

Explicación da tarefa para casa (5 minutos): explicar ao grupo que debe levar a táboa de tarefas a casa e anotar cada día da semana quen se encarga de realizar a tarefa do listado, canto tempo emprega nela, cantas veces a fai ao día e cal é o tempo total empregado nesa tarefa durante unha semana. Se ben, cada cal poderá modificar (quitar, engadir, substituír) o listado en función dos "usos e costumes" da súa familia.

SESIÓN 2

Grupo Base (25 minutos): posta en común dos datos recollidos por cada membro do grupo. O secretario ou secretaria debe anotar no documento "DatosTotaisGrupo" o tempo total semanal dedicado a cada tarefa segundo o xénero. Cada un aportará os datos que recompilara na súa casa e entre todos farán as contas pertinentes para calcular os tempos semanais en horas e minutos de traballo non remunerado desagregados por xénero.

Posta en común no grupo clase (10 minutos): a profesora ou profesor recollerá os datos aportados por cada grupo no documento "DatosTotaisGrupo" para ter o cómputo total de toda a clase.

A continuación (15 minutos), mediante a **Técnica do Grupo Nominal** (María Luisa Fabra, 1992a): a profesora ou profesor explica claramente que é unha Conta satélite (As contas satélite supoñen un intento dos Estados de contabilizar o traballo non remunerado) e propón ao alumnado que, cada un, exprese cal sería a cantidade de diñeiro axeitada para remunerar unha hora de traballo doméstico e de coidados. Unha vez se recollan todas as cantidades, cada participante xerarquízaas, puntuándoas do 1 (menos valorada) ao 10 (máis valorada). A continuación, súmanse as puntuacións e se obtén a cifra máis valorada. Finalmente multiplícase esa cantidade polas horas de traballo contabilizadas nos datos totais do grupo e coméntase o resultado.

A supervisora ou o supervisor de cada grupo entrega unha copia do documento "HorarioSemanal" (tamaño A3), mentres que a coordinadora ou coordinador explica que deben tratar de elaborar en familia un horario igualitario onde as tarefas non remuneradas se repartan de forma equilibrada entre os seus membros.

Actividade 2: Corresponsabilízate

Enlace coa documentación:

https://drive.google.com/folderview?id=1p2SwLLg_B5_AN8uVZkJKbjL9JXZUK5UW

SESIÓN 1

Elección e distribución dos subtemas entre os Equipos Base:

A. Mulleres en Cifras - Conciliación - Excedencias, permisos e reducións de xornadas.

B. Causas do reparto desigual do traballo doméstico e de coidados tarefas

C. Consecuencias do reparto desigual de tarefas non remuneradas

D. Solucións corresponsábeis

Reparto da documentación inicial (ampliable)

correspondente a cada grupo:

a) Mulleres en Cifras: follas de cálculo “Excedencia por coidado de fillas/os”; “Excedencia por coidado de familiares”; “Permisos e prestacións por paternidade segundo a comunidade autónoma”; “Prestacións por maternidade segundo a comunidade autónoma” “Persoas ocupadas a tempo parcial segundo o motivo da xornada parcial”.

b) Causas: “Fórmula temática Nº1: Orixe das desigualdades”

c) Consecuencias: Fórmula temática Nº4: “Ao 50% Corresponsabilidade

e) Solucións corresponsábeis: Guía Reparto de responsabilidades

Establecemento do plan de equipo: planificación de metas concretas do seu subtema e reparto de tarefas entre os membros do grupo.

SESIÓN 2

Desenvolvemento do plan: análise de documentos e busca de nova información, sistematizar, resumir.

SESIÓN 3

Desenvolvemento do plan: elaboración e deseño de informes o materiais para a presentación

SESIÓN 4

Presentación do traballo de cada grupo en orde alfabético (10 minutos/grupo): grupo A. Mulleres en cifras; grupo B. Causas; grupo C. Consecuencias; grupo D. Solucións.

Trala exposición do grupo D comézase a debater a proposta de solucións e para elo se emprégase a Técnica das Dúas Columnas (Fabra, 1992a). Ver documento “TécnicaDúasColumnas” (10-15 minutos)

SESIÓN 5

Continuación da análise de solucións e proceso de toma de decisións para atopar as mellores solucións e finalmente, elaborárase entre toda a clase un Decálogo de corresponsabilidade.